



**Texto:** María Pol López.  
**Impresión:** Imprenta Amador Pérez.  
**Deseño e maquetación:** David Rodríguez.  
**Edita:** Concello de Redondela.

**Dep. Legal:** PO190-2023

*Este libro publícase grazas á subvención dirixida aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022, convocada pola Deputación de Pontevedra.*



CONCELLO DE  
REDONDELA



**A MICROTAPONIMIA DA PARROQUIA  
SAXAMONDE**



**MARÍA POL LÓPEZ**





## Prólogo

Galicia é un dos territorios con maior densidade toponímica de Europa. Este dato explícase pola orografía do terreo, o minifundismo e a súa dispersa ocupación humana.

A documentación da microtoponimia, como paso previo para a protección e conservación deste patrimonio inmaterial, é unha urxencia. Hai topónimos antiquísimos, con moitos séculos de existencia, que aínda viven na fala e toman forma na lingua galega.

Por esta causa, o Concello de Redondela deseñou un ambicioso proxecto para cumprir con este fin. Unha das liñas de actuación foi a recollida e publicación en formato libro da microtoponimia parroquia a parroquia. Este é o resultado.

O Concello de Redondela agradece o traballo dos axentes que participaron. Desexamos ter contribuído a salvagardar un anaco da nosa cultura e da nosa memoria popular.

Redondela, 2023



# Introdución

## Breve introdución sobre o topónimo de Saxamonde

O topónimo Saxamonde procede dun nome persoal medieval \**Saxamundus*, variante doutros nomes de orixe xermánica que estiveron de moda na Galicia nos últimos séculos do primeiro milenio. Piel e Kremer, no seu *Hispano-Gotisches Namenbuch* (HGN) suxiren un probable nome *Suniemundus*, pero a documentación do couto de Saxamonde do século XII fai pensar nun étimo SAXAMUNDI, xenitivo de SAXAMUNDUS. Así aparece no ano 1159 (CODOLGA): “hereditate quam habeo in Sancto Romano de Saxamundi”. No Catastro de Ensenada (1750-54) aparece o topónimo “Saxamonde”, porén, nun documento de 1760 aparece como “Sajamonde”. Resulta de interese mencionar que a parroquia de Saxamonde pertencía ao coto do Marquesado de Valladares.

A parroquia de Saxamonde ten catro barrios: Casal do Monte, O Souto, Os Valos e Padrón. Entre os catro rexistráronse máis de 300 nomes nos cales hai terreos, vías, fontes, regos e construcións coma casas, lavadoiros ou pontes. Cómpre sinalar que todos estes nomes forman parte da toponimia menor ou microtoponimia, diferente da toponimia maior. Polo xeral a toponimia menor queda esquecida,

pois non ten tanta importancia económica e social coma os nomes das vilas (Saxamonde e os seus catro barrios forman parte da toponimia maior). Así pois, grazas aos veciños e veciñas que colaboraron na recollida de todos estes nomes, que agora quedan aquí para que non se perdan na memoria.

Finalmente, é preciso ter en conta que a oralidade non sempre se corresponde coa escrita. Algúns topónimos na oralidade presentan o seseo e a gheada que caracterizan a este concello costeiro da provincia de Pontevedra.


As principais fontes históricas consultadas foron o *Catastro do Marqués de Ensenada* (1750-1754) da parroquia de Saxamonde e un *Expediente de comprobación de bens, rentas e cargas* da mesma parroquia do ano 1760.



## Orotopónimos\*

### Barcia, A (Os Valos)

Segundo Cabeza Quiles (2018: 30) *Barcia* é o resultado dun termo prerromano VARCĪNA ou VARCĚNA, que en castelán, co *-n-* intervocálico conservado, daría o topónimo *Bárcena*. En canto ao seu significado, o topónimo *Barcia* adoita nomear terreos chans situados á beira ou preto dun río, aínda que non en todos os casos. Desta circunstancia parece dar conta o vocábulo galego *barcia* (*varcia*), que nalgúns dicionarios aparece coa equivalencia de “terreo chan próximo a un río que se inunda con frecuencia”. No caso de **A Barcia** do barrio de Os Valos, non se sitúa moi preto do río. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 aparece escrito “Varciaña” ou “Barciña” e “Barzia” ou “Barcia”.



\* Topónimos que fan referencia ao relevo e á constitución do terreo.

## Barcova, A

Trátase dun topónimo composto: por un lado temos a forma *Bar*, procedente dun *val* en referencia a unha depresión do terreo; e, polo outro, temos *cova*. A alteración do *val* en *var* é un fenómeno fonético común en galego cando o -l- vai en posición final de sílaba. O topónimo debería grafarse con -v-: Varcova .

## Barrentas, As (Casal do Monte)

*Barrenta* como topónimo é o feminino de *barrento* (Bascuas, 2014: 96), un derivado de *barro*. O dicionario da Real Academia Galega define estes termos como “terreos que teñen barro ou nos que se forma barro”. A palabra *barro* é de orixe prerromana e en Galicia conta cos significados de “arxila” ou “lama, bulleiro”, e mediante sufixos conforma unha familia léxica moi ampla. **As Barrentas** atópanse no barrio de Casal do Monte.


## Besadas, As (Os Valos)

Un verbo equivalente a *rozar* ou *cachar* é *vesar*, procedente do latín *VERSARE* derivado de *VERSU* (“suco aberto polo arado”; o nome do verso poético foi en orixe unha metáfora agrícola, pola semellanza das liñas paralelas dun poema cos sucos dunha terra arada). Así pois, Navaza (2007: 56) indica que *vesar* significa arranxar para o seu cultivo un terreo que estaba a bravo. O arado empregado para isto, máis forte e resistente ca o arado común, recibía o nome de *vesadouro* ou *vesadoiro*, e as terras gañadas por ese procedemento eran *vesadas*.

Unha boa parte das *vesadas* que perviven na toponimia actual de Galicia son recentes, posteriores á introdución do millo e da pataca na nosa agricultura. É moi común nestes topónimos, e no correspondente apelido de orixe toponímica, a grafía non etimolóxica con *b*: *Besada*. Deste xeito, na parroquia de Saxamonde rexístrase **As Besadas**, no barrio de Os Valos. No expediente de comprobación de bens da mesma parroquia con data de 1760 xa aparece este nome, tanto con *b* como con *v*.

## Boca, A (Casal do Monte)

O substantivo *boca* (do latín *BŪCCA*) pode ter na toponimia significados diversos como “lugar de entrada ou saída” ou “inicio, comezo, principio”. Parece que os relacionados coa acepción “lugar de entrada ou saída” son os os que dan lugar á maioría de nomes. O nome de **A Boca**, situado no barrio de Casal do Monte, fai referencia a un terreo que non parece ter que ver con ningún deses significados proporcionados previamente. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 xa aparece este nome:



## Buracas, As (Os Valos)

O nome *buraco* ou *buraca* está formado por unha raíz céltica \**bur-* ou \**bor-* “furar”, de orixe onomatopeico indoeuropeo. A voz *buraca* adoita facer referencia a unha concavidade grande ou a un burato de grandes dimensións, mais nalgunhas zonas de Galicia tamén se emprega para nomear os lugares de onde se extrae arxila. O masculino *buraco* designa unha “abertura que atravesa unha cousa de lado a lado” ou unha “cavidade nunha superficie de tamaño e profundidade variables”. **As Buracas** é un nome dun terreo no barrio de Os Valos. O Nomenclátor de Galicia só rexistra *A Buraca* no concello do Porriño.

## Cachardo, O (Os Valos)

O máis probable é que este topónimo proceda do verbo *cachar*, que á súa vez ten a orixe no latín vulgar \**CASCULARE* (“romper”), no sentido de cavar e despois queimar unha superficie do monte para sementar.

## Cacharelo, O (Os Valos)

O *Cacharelo* semella ser o masculino de *cacharela*. Este pode ser un topónimo agrícola que, en primeira instancia, proviría dunha base do latín vulgar \*CASULARE “romper”, no sentido de cachar ou cavar e despois queimar, unha superficie montesía para sementar, normalmente, trigo (Cabeza Quiles, 2018: 40). A terminación en *-elo*, do latín *-ĒLLU*, indica que este nome está en diminutivo. Así pois, **O Cacharelo** do barrio de Os Valos podería facer referencia a unha pequena parcela de monte cavado ou cachado cuxos restos de vexetación brava se queimaban para deixar o terreo limpo para sementalo.

## Campo



O nome deste lugar vén da voz *campo* (< latín *CAMPUS* “chaira”), que significa “superficie extensa de terra máis ou menos plana, onde non hai vivendas e que en xeral se pode dedicar ao cultivo” (diccionario da Real Academia Galega). Este último significado que relaciona a voz *campo* cun lugar dedicado ao cultivo é, segundo indica Corominas (DCECH), unha innovación romance.

Este topónimo é abundante na parroquia de Saxamonde. No barrio de Os Valos é onde se rexistran nomes como **Campo de Alá**, **Campo de Aquí** e **Campo de Arriba** que fan referencia a posicións relativas, e **Campo Pequeno** e **Os Campos** todos referidos a terreos. No barrio de Casal do Monte atópase **Campo de Víctor** e outro terreo denominado **Os Campos**. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 aparece “Campo dos Valos”, sen indicacións para saber a cal se refire e tamén consta o “Campo de Arriva”.

## Cavadiñas, As (Casal do Monte)

O topónimo menor **As Cavadiñas** leva o sufixo *-iña* como diminutivo de *cavada*. Esta procede do participio de do verbo *cavar*, no latín *CAVARE*, e sería pois unha unha \*(TERRA) CAVATA. Unha *cavada* é unha porción de monte que se cacha ou rotura por primeira vez para destinala a cultivos. A maior parte das cavadas da nosa toponimia remontan á época medieval. O terreo **As Cavadiñas** da parro-

quia de Saxamonde atópase no barrio de Casal do Monte. Xa aparece documentado no 1760 nun expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde como “Cabadiñas” ou “Cavadiña”:



## Cerrada, A / Cerrado, O

*Cerrado* vén do latín tardío *SERARE*, derivado de *SERA* “pechadura”. O feito de que teña un *-rr-* débese a unha confusión con *serrar*, do latín *SERRARE*. No dicionario da Real Academia Galega aparece definido como “terreo pechado cunha construción deste tipo”. O feminino *cerrada* tamén fai referencia a propiedades cercadas.

Na parroquia de Saxamonde rexístranse varios nomes con este substantivo. No barrio de Os Valos está **Cerrada de Camisas** e **Cerrada de Casas**. No barrio de Casal do Monte rexístrase **Cerrada de Rapuxa**, **A Cerrada** e **O Cerrado** en dous terreos. No barrio de Padrón tamén se rexistra **O Cerrado**. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 aparece mencionado “Sitio das Casas” que pode estar relacionado con **Cerrada de Casas**.

## Chan, A

No galego occidental conflúen nun mesmo resultado, *chan*, o masculino e o feminino (*O Chan*, *A Chan*) correspondentes ao latín *PLANU*, *PLANA*, a diferenza do que sucede noutras áreas galegas nas que si que se diferencian: por unha banda o masculino *o chao* / *o chau* e pola outra o feminino *a chá*. Normalmente, estes nomes designan zonas caracterizadas pola súa orografía.

En Saxamonde rexístrase **Chan de Esteiro** no barrio de Souto; **A Chan do Curro** e **A Chan do Trebo** no barrio de Padrón e **A Chan** no barrio de Os Valos.

## Cocho, O

O substantivo *cocho* xunto cos seus derivados ten moita presenza na toponimia galega suroccidental. Ademais do comunmente coñecido *cocho* como sinónimo de *porco*, tamén garda relación co verbo *acochar* co significado de *abrigo*. Agora ben, neste caso é probable que designe un anaco de terra con linde a un paso común tal e como na fala oral fan emprego do termo *cocho*. No dicionario da Real Academia Galega dise tamén que un *cocho* é un “lugar cuberto ou agochado, como un cortello, un tobo etc., onde habitan ou se refuxian certos animais”.

O dicionario de Eladio Rodríguez define esta acepción de *cocho* como “trozo pequeno de un terreno labradío que se dedica a otro cultivo”. Tanto *acochar* como as súas variantes *agochar* e *agachar* son palabras de orixe incerta, talvez prerromana (Navaza, 2007: 97).

O Nomenclátor de Galicia recolle dous lugares chamados *O Cocho*, un en Vigo e outro na Cañiza. Na parroquia de Saxamonde recóllense tres terreos chamados **Os Cochos** nos barrios de Souto, Padrón e Os Valos. Como parte dun nome composto rexístrase **Cocho da Eira** en Padrón e **O Cocho da Eira** en Os Valos. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 xa aparece “O Cocho”.

## Costeiras, As (Casal do Monte)

O topónimo *As Costeiras* é dun derivado do *costa*, do latín *cōsta* “costela; flanco, costado”. Trátase dunha acepción figurada común a todos os romances para designar a ladeira dunha montaña. En galego, *costa* tamén fai referencia a un terreo en pendente (Gómez e Méndez, 2022: 40).

Os derivados de *costa* son moi abundantes na toponimia galega. O microtopónimo **As Costeiras** localízase no barrio de Casal do Monte. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 aparece mencionado *A Costeira*, en singular.

## Coto, O

*Coto* é un substantivo de orixe prerromana (coa base \*COTT) que sobreviviu en galego co significado de “parte máis alta dun monte,


pico, elevación”. Cos seus derivados e compostos (*Cótar, Coto, Cotarelo, Cotarro* etc.), o substantivo *coto* está moi presente na toponimia galega e noutras áreas xeográficas próximas (por exemplo, nos asturianos *Cueto, Cuétara*). O Nomenclátor de Galicia recolle máis de cen entidades de poboación chamadas *Coto* ou *O Coto* (Carrasco e Navaza, 2014: 21).

No barrio de Padrón rexístrase **O Coto do Gran** e no de Os Valos **O Coto de San Román**. Sobre este último cóntase que había nel unha cruz e unhas pedras cuns debuxos, mais que foron roubadas. No Catastro de Ensenada (1750-54) menciónase o “sitio do Coto” pero non se especifica máis para poder distinguir a cal se refire; tamén se cita no expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760.

## Coutada, A / Coutadiñas, As

O substantivo *coutada* é o participio do verbo *coutar*, creado a partir de *couto*. O *couto* é un nome que provén do latín CAUTU, participio de CAVERE “protexer, defender, coidar”. Un *couto* é un territorio afectado por determinados dereitos de propiedade ou xurisdición.

Neste caso, no barrio de Os Valos rexístrase o diminutivo **As Coutadiñas** e o terreo **A Coutada do Misioneiro**, onde se di que tiveron lugar unhas misións. No expediente de comprobación de bens aparece o “sitio da Coutada” e tamén “sitio da Coutadiña”.



## Covas, As (Souto)

*Cova*, ademais de como substantivo co significado de “cavidade natural ou artificial no terreo”, pode funcionar como un adxectivo (feminino de *covo*), que describe un terreo cóncavo. Procedede dun

termo hispano COVA (en latín era dito CAVA) e algúns autores pensan que é un termo dialectal de Italia, mentres que outros pensan que é un celtismo. No barrio de Souto rexístrase o topónimo **As Covas**. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 aparece “sitio da Coba”.

### Cupiños, Os (Souto)

O dicionario de Marcial Valladares (1884) recolle a acepción de *cupo* en referencia ás partes dunha herdanza que se asignan os herdeiros. Polo tanto, estamos ante un diminutivo que no expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde (1760) aparece en singular. Por este terreo pasa o **Camiño dos Cupiños**.



### Curtiña, A (Casal do Monte)

O substantivo común *cortiña* vén do latín COHORTINA e é un derivado de *corte* (< do latín vulgar CORTEM), e este do latín clásico COHORTE(M) “recinto, currel”. Designa en galego un pedazo de terra de labor, habitualmente cercado ou murado, próximo á vivenda. A variante *curtiña*, con *u*, é frecuente e explícase pola influencia da vogal tónica pechada *i*.

A **Curtiña** é o nome dun terreo que se rexistra no barrio de Casal do Monte. Recentemente, está pasando a ser chamado **O Paso** por ter existido un paso do tren neste lugar. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 aparece “Sitio da Cortiña”.

### Devesa de Joaquín, A (Os Valos)

O topónimo *A Devesa* procede do latín serodio \*(TERRA) DEFENSA “terra coutada”, “terra ou territorio cercado”, e sinala antigas devesas ou



grandes fincas pechadas que podían ser as devesas do rei e eran empregadas para a produción de madeira. Noutras ocasións o topónimo *A Devesa* ten menos pretensións e sinala áreas coutadas máis pequenas, propiedade de particulares (Cabeza Quiles, 2018: 65). Correspondendo a este último, no barrio de Os Valos atópase **A Devesa de Joaquín**.

## **Eira da Casa Vella (Padrón)**

*Eira* é un substantivo común galego que designa un lugar aberto, plano e de terra firme, onde se mallan os cereais e se limpan os grans. Procede do latín *AREA* “área” (Navaza, 2007: 97) e é unha palabra de uso frecuente en Redondela para referirse a un terreo situado preto da casa dedicado a tarefas agrícolas. A **Eira da Casa Vella** do barrio de Padrón fai referencia a unha casa e o seu terreo circundante.

## **Inxido, O (Os Valos)**

Do latín *EXITUM* “saída”, participio do verbo *EXIRE* “saír, ir fóra” procede o galego *eixido*, paralelo do castelán *ejido*, nomes que en orixe designaban o terreo inmediato á casa, habitualmente con horta, viña e árbores froiteiras. Na parroquia de Saxamonde rexístrase a variante *inxido*, resultado da alteración do ditongo decrecente *-ei-*. No barrio de Os Valos rexístrase **O Inxido Grande** e **O Inxido Pequeno**.

## **Lameiras, As (Casal do Monte)**

*Lameira* é unha voz derivada de *lama*, un substantivo de orixe prerromana moi presente na toponimia de Galicia. Nalgunhas áreas galegas *lama* e o seu derivado pasaron a adquirir un significado equivalente ao de *prado*, pero polo xeral fai referencia a terreos húmidos. **As Lameiras** situado no barrio de Casal do Monte, co sufixo correspondente ao latín *-ARIA*, pode ser aplicado a un terreo onde hai moita lama. Ao carón tamén pasa o **Camiño das Lameiras**. No Catastro de Ensenada (1750-54) aparece unha mención ao “sitio de Lamas”.

## **Lombos, Os (Souto)**

Os topónimos relacionados co substantivo *lombo* “costas, costado (do corpo)”, procedente do latín *LUMBUM*, adoitan aludir á orogra-

fía do terreo nomeando elevacións alongadas ou de pendente suave (Navaza, 2007: 69). Adoita facer referencia a elevacións do terreo de superficie alongada e perfil curvilíneo.

É un nome abundante na toponimia galega, pois o Nomenclátor de Galicia recolle máis de cincuenta entidades de poboación que conteñen no seu nome os substantivos *lombo*, *lomba* e os seus derivados e compostos (Carrasco e Navaza, 2014: 28). Na parroquia de Saxamonde atópase **Os Lombos**, concretamente no barrio de Souto. Nun documento de 1760 sobre os bens e rentas da parroquia de Saxamonde xa aparece mencionado.

## **Mina, A / Minada, A**

A *Minada* é un derivado do xenérico *mina* (palabra de orixe celta MEIN “mineral, mina”) e designa un tipo de escavación subterránea pola que se busca algún manancial. No barrio de Padrón rexístrase **A Mina do Manolo** e **A Minada**. Este último tamén se atopa en Casal do Monte. A forma en plural, **As Minadas**, atopámola no barrio de Os Valos e fai referencia a un terreo en socalcos, cun forte desnivel.



Mina do Manolo


## Monte Formoso, O

A palabra *monte* (do latín MONS, MONTIS) fai referencia a unha elevación do terreo, pero tamén se emprega para designar os terreos cubertos de vexetación espontánea como toxos, silvas, arbustos, fentos etc., que poden estar poboados de árbores (diccionario da Real Academia Galega).

Hai máis de 300 lugares que teñen a palabra monte na súa denominación, ben sexa en solitario *O Monte* ou como parte dun composto. *Formoso* é unha variación de *fermoso*.

## Padrón


A orixe do nome deste barrio de Saxamonde está na PETRŌNE, derivado de PĚTRA, cunha alteración da vogal da sílaba inicial e > a, quizais por influencia de PATRONEM “patrón”, “protector”, o que parece máis claro no caso da vila de Padrón, onde, segundo a lenda, desembarcou o apóstolo Santiago. Este topónimo ten moita presenza en Galicia e refírese a miúdo a marcos, pedras chantadas, pedras fitas ou miliarios que serviron de demarcación na época antiga. Segundo López Boullón (2019: 76), Corominas apunta a posibilidade de que algún deles poida vir en realidade dun celtismo PETRONU, adxectivo formado sobre PETRU, que nas linguas celtas significa número 4, facendo referencia a unha encrucillada ou encontro de catro camiños.



Nun documento de 1760 sobre os bens e rentas da parroquia de Saxamonde xa aparece mencionado o “sitio de Padrón”.

## Pedrancha (Os Valos)

No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 xa aparece mencionado “sitio de Pedra Ancha”. Polo tanto, estamos ante un topónimo transparente que se viu acurtado co paso do tempo: **Pedrancha**. Así pois, temos os termos *pedra* (do latín PĒTRA) e *ancha*.




## Pedreira, A (Os Valos)

Este topónimo vén do latín PETRARIA, derivado de *pedra*, e significa “lugar abundante en pedra”. O substantivo común *pedra* (do latín PĒTRA) e os seus derivados teñen moita presenza na toponimia. Con frecuencia rexístrase a forma do singular, por referencia a unha pedra individual que destaca ou destacaba na paisaxe. Compite nestes usos con *pena* e outras formas equivalentes no significado. En moitas ocasións aínda é posible identificar a pedra que deu nome ao lugar, mais noutros casos xa desapareceu por acción da man do home.

No Nomenclátor de Galicia son máis de cincocentas as entidades de poboación que conteñen no seu nome o substantivo *pedra* ou un derivado. Na toponimia menor, como a aquí estudada, é igualmente abundante. No barrio de Os Valos atópase **A Pedreira**.


## Picota, A (Os Valos)

*Picota* semella vir de *pico* xunto co sufixo aumentativo *-ota*. Segundo Palacio a *picota* sería a cima dun monte (1981: 126), mais non parece ter que ver cos topónimos aquí estudados. No barrio de Os Valos atópase **A Picota** e **As Picotas**, en plural. No expediente de comprobación de bens xa se menciona.



## Redollos, Os (Souto)

Segundo Navaza (2007: 127), *redollo* debe de ser unha forma emparentada co verbo *redollar* ou *redrollar* “cultivar por segunda vez no ano unha terra” ou “rebrotar ou agromar de novo as plantas”. Na parroquia de Saxamonde, **Os Redollos** é un terreo do barrio de Souto. No expediente de comprobación de bens xa se menciona o “sitio do Redollo”. No Nomenclátor de Galicia rexístrase o lugar *O Redollo* no concello da Baña.




## Searas, As / Searóns, Os

*Seara* é unha voz que para Corominas (DCECH, s.v. *serna*) procede da palabra prerromana, probablemente céltica \*SENĀRA “campo que se labra á parte”, composto de -ĀR- “arar” e SEN-, prefixo que indica separación. Na parroquia de Saxamonde rexístrase **As Searas** no barrio de Souto e **Os Searóns** en Casal do Monte. No expediente de comprobación de bens aparece “sitio da Seara”.

Este é un topónimo frecuente, o Nomenclátor de Galicia rexistra 35 lugares co substantivo *Seara* só ou como parte dun composto e unha parroquia no concello de Quiroga. Pola contra, non rexistra ningún lugar coa forma *Searón*.

## Seixedos, Os (Souto)

O topónimo *seixedo* semella un derivado de *seixo*, resultado do substantivo latino SAXU “pedra”. Como os diferentes resultados do latín SAXU e os seus derivados, comúns na toponimia de todos os territorios romances, *seixo* e a súa familia léxica teñen moita presenza na toponimia galega. O Nomenclátor de Galicia recolle máis dun centenar de entidades de poboación que teñen no seu nome estas formas. **Os Seixedos** localízase no barrio de Souto. No expediente de comprobación de bens xa aparece como *Seixedo*.



No Nomenclátor de Galicia dáse conta de dous lugares da toponimia maior: *O Seixedo* no concello de Arteixo e *Os Seixedos* no concello de Covelo.

## Serras, As / Serrañas, As

*Serra*, do latín SERRA, aparece definido no dicionario da Real Academia Galega como “sucesión de montañas que pola súa forma recorda unha serra”. Porén, tamén pode tratarse dun topónimo de recente creación e facer referencia a unha instalación industrial que puido existir no lugar.

Os topónimos formados a través do substantivo *serra* atópanse todos no barrio de Padrón. Así, rexístranse **Serra de Acá**, **Serra de Alá**, **As Serras** e **As Serrañas**. Estes dous últimos aparece documentados en 1760, no expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde.

## Socalco do Medio, O (Os Valos)

*Socalco* aparece definido no dicionario da Real Academia Galega como “cada un dos valados de pedra que serven para conter as terras

de cultivo nos terreos moi pendentes” ou “terra de cultivo contida por un valado de pedra nun terreo moi pendente”. **O Socalco do Medio** é un terreo situado no barrio de Os Valos.

## Terraplén, O

Un *terraplén* pode ser un “monte de terra co que se enche un desnivel, especialmente o que constitúe a plataforma onde se asentan as vías do tren” ou unha “pendente moi pronunciada á beira dunha vía de comunicación” (diccionario da Real Academia Galega).

Na parroquia de Saxamonde rexístrase **O Terraplén** no barrio de Souto e tamén no de Casal do Monte. Neste último o nome fai referencia a unhas fincas con cascallos do túnel de Os Valos.

## Valongos, Os (Os Valos)

*Os Valongos* fai referencia ao latín porque VALLIS LONGUS CUXO resultado en galego sería “val longo” e de aí *Valongo*. Tamén é frecuente atopar este topónimo con *-b-* que sería unha grafía non etimolóxica. Acontece moito en diversos topónimos como Valado/Balado, Valvoa/Balboa etc. O Nomenclátor de Galicia só rexistra o lugar *Valonga* no concello de Pol e dúas parroquias *Valongo*, unha no concello de Cotobade e outra en Cortegada.

**Os Valongos** na parroquia de Saxamonde fai referencia a uns terreos que se atopan no barrio de Os Valos. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 xa aparece este nome como “Balongo”. Cómpre salientar que na oralidade é dito como “Os Valoncos”, como resultado dunha evolución do enxordecemento do fonema /g/ que dá como resultado o fonema /k/, expresado en letra como *c*.

## Valos, Os

A orixe do nome deste barrio de Saxamonde está no plural de VALLU “valado”. Polo tanto, este topónimo indícanos que os muros de pedra tiñan a suficiente importancia como para denominar este territorio. Ademais de **Os Valos** no concello de Redondela tamén se rexistra no Nomenclátor de Galicia coma un lugar en Palas de Rei.

Aparece “Os Valos” no Catastro de Ensenada (1750-54) como un límite da parroquia de Saxamonde. Tamén aparece no expediente de comprobación de bens como “Os Balos”.

## Veiga, A

Os topónimos *A Veiga* fan referencia a un “terreo baixo, amplo e fértil xeralmente ás beiras dun río” ou a un “terreo de cultivo”. Vén do substantivo *veiga*, considerado unha voz prelatina. Crese que a orixe de *veiga* hai que buscala no ibero *VAIKA* “veiga”, de *VAI* “río” e o sufixo *-KA* “rexión do río” ou na expresión (TERRA) *\*(I)BAIKA* “terreo á beira dunha corrente de auga”, emparentada coa voz vasca *ibai* “río”. Como sucede no caso de *val*, non é doado saber se a aplicación toponímica obedece a unha acepción topográfica ou apunta cara a unha “propiedade rústica situada nese espazo” (Marqués Valea, 2018: 160).

Na parroquia de Saxamonde rexístranse numerosos topónimos formados por *Veiga* e outro elemento como parte dun composto. No barrio de Padrón están **A Veiga da Eira, A Veiga de Arriba, A Veiga de Valentín, A Veiga do Balado e A Veiga dos Campos**. No barrio de Os Valos están **A Veiga da Porta e Veiga dos Puchos**. No barrio de Souto está **A Veiga Grande**. Finalmente, no barrio de Casal do Monte están **A Veiga da Fonte**, onde está a Fonte de Vilanova, **Veiga do Monte, A Veiga Grande, As Veigas Grandes e As Veigas Longas**. Este último aparece mencionado no Catastro de Ensenada (1750-54) pero en singular “Veiga Longa”. Tamén aparecen mencionados “Veiga da Porta”, “Veiga Grande”, “Veiga Longa” e “Veiga Darriva” no expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760. Do mesmo xeito, aparece “Veiga d”Eira” e “Veiga da Fonte”.




## Topónimos viarios\*

### Boca do Túnel de Os Valos (Casal do Monte)

É un microtopónimo de creación recente. O seu significado é evidente.

### Breas, As (Padrón)

O microtopónimo *Brea* ou *Breas* é o resultado galego do latín *VEREDA* “camiño ancho, que permite o paso de carruaxes”. Eses nomes, xunto coa variante *verea*, son moi comúns na toponimia galega. Na parroquia de Saxamonde, no barrio de Souto, atópanse **As Breas de Arriba** e **As Breas de Abaixo**. Polo medio destes dous terreos pasa o **Rego da Brea**. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 xa aparecen “Verea de Arriba” e “Verea de Avaixo” e mesmo “Berea” como se pode ver nas seguintes imaxes.




\* Topónimos que fan referencia ao relevo ás vías de comunicación.

(A) *Brea* é un topónimo abundante en Galicia, no que se refire á toponimia maior. O Nomenclátor rexistra 49 lugares con este nome, mais só un *A Verea* no concello de Boimorto.

## Calzadas, As (Souto)

Polo terreo de **As Calzadas**, do barrio de Souto, debeu pasar un antigo camiño. A *Calzada* vén da voz latina CALCEATA, a partir dun ativo \*(VIA) CALCEATA. Este nome adoita referirse a antigas vías empedradas, pero non sempre se correspondían con calzadas romanas. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 xa aparece este nome. O Nomenclátor de Galicia recolle 25 entidades de poboación co substantivo *calzada* no seu nome.



## Camiño de + nome

O substantivo *camiño*, “vía que comunica dous ou máis lugares”, é moi abundante na toponimia galega e remite a unha forma \*CAMMINU, voz de orixe céltica introducida no latín (Martínez Lema, 2018: 26). A maioría dos nomes están formados polos lugares que circundan os camiños e que aparecen explicados na súa correspondente entrada.

A denominación das vías públicas no medio rural resulta problemática pola falta de correspondencia entre as novas realidades urbanas e os espazos tradicionais. En moitos casos de todo o territorio galego existen confusións por erros na rotulación, polo que ás veces hai que distinguir entre a denominación de sempre e a considerada oficial. No nomenclátor de Redondela aparecen algunhas veces distintas denominacións ás recollidas.

A forma que presenta o topónimo adoita ser (o) camiño + de (+artigo) + nome. Así, na parroquia de Saxamonde atópanse numerosos topónimos viarios deste tipo. No barrio de Casal do Monte están **Camiño da Abeleira**, **Camiño da Devesa**, **Camiño da Fonte**, **Camiño da Torroxeira**, **Camiño das Cavadiñas**, **Camiño das Lameiras**,

**Camiño de Vilanova, Camiño do Casal do Monte e Camiño dos Campos.** No barrio de Padrón rexístranse **Camiño da Banca, Camiño da Sepal, Camiño do Balado, Camiño do Freixeiro, Camiño do Souto de Amaro e Camiño Romano.** No barrio de Os Valos están **Camiño da Besada, Camiño da Fonte, Camiño da Quiringosta, Camiño de Ballote, Camiño do Coto, Camiño do Monte, Camiño dos Campos, Camiño dos Grelos, Camiño dos Pasos, Camiño dos Piñeiros, Camiño dos Valongos e Camiños da Pedreira.** Finalmente, no barrio de Souto temos **Camiño do Souto, Camiño dos Cardales, Camiño dos Cupiños e Camiño Fondo.**

Sobre o **Camiño da Torroxeira**, é interesante destacar que na documentación antiga se menciona moitas veces o “sitio da Torroxeira”. Polo tanto, é moi probable que existira este lugar tamén, mais que hoxe en día só se conserve o nome do camiño.

## **Canexa, A (Padrón)**

A *Canexa* pode ser un derivado formado a partir do latín *CANNA* “cana” e o pouco habitual sufixo *-exa*, que ten pouca presenza na toponimia. Segundo Álvarez Pérez (2018: 51), na toponimia hai moitos nomes derivados de *cana* que non son fitotopónimos, senón que aluden ao concepto de “cilindro oco” de xeito metafórico, pois estas plantas poden asociarse a el de xeito claro. Moitos deles fan referencia a conducións de auga, podendo confluír con derivados de *CANALE*. Porén, unha *canexa* tamén pode ser un camiño estreito.

## **Costa do Joaquín (Padrón)**

**Costa do Joaquín** fai referencia a unha vía. O nome *costa* está ligado co substantivo homónimo, do latín *CŎSTA*. Situada no barrio de Padrón que pasa polo **Lugar de Joaquín**, do que toma o nome.

## **Estrada de Nespereira (Os Valos)**

Este é o nome dunha vía que vai cara á parroquia de Nespereira do concello de Pazos de Borbén. *Nespereira* é o nome dunha árbore froiteira que dá o froito coñecido como *néspere*. Este é un nome que coincide coa toponimia portuguesa e vén do latín *NESPERARIA*.

## Paso do Marta, O (Os Valos)

O **Paso do Marta** no barrio de Os Valos fai referencia a un paso do tren situado nunhas parcelas pertencentes ao avó dunha persoa apelidada Marta. Este apelido presenta hoxe en día 367 ocorrencias en toda Galicia, case todas concentradas entre a área da Coruña e Ferrol. En toda a provincia de Pontevedra non se rexistra ningún caso agás en Vigo, con 11 portadores.

## Pasos, Os (Os Valos)

O topónimo **Os Pasos**, nas zonas con seseo como é Redondela, pode confundirse con *Os Pazos*. Porén, é mellor mantelo como *paso*, pois senón estaríase alterando a forma do topónimo no caso de que a forma correcta fose *paso*.

*Paso* vén do latín *PASSUS* e indica un lugar por onde un camiño supera un obstáculo, pode ser máis ou menos fácil de acceder. **Os Pasos** do barrio de Os Valos fai referencia a un paso polo río Louro cara a *O Valado*. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 xa aparece o “sitio do Paso”.

## Porteliñas, As (Os Valos)

*Portela* é un diminutivo de *PORTUS/A* co sufixo *-ELLA* co significado de “paso estreito, porta pequena nun valado”. Neste caso, no barrio de Os Valos rexístrase **As Porteliñas** o que constitúe outro diminutivo de *portela*, pero xa non do latín senón do galego medio mediante o sufixo *-iña*, que indica que o topónimo é máis recente que os que manteñen a forma *Portela*. No expediente de comprobación de bens xa aparece como “Porteliña”.

No Nomenclátor de Galicia recóllense 22 lugares *A Porteliña*, dos que 21 se atopan na parte suroccidental da provincia de Pontevedra o que indica que é un nome común nesta zona do territorio galego.

## Portelo do Supazo (Casal do Monte)

**Portelo do Supazo** é un topónimo composto do barrio de Casal do Monte formado por dous substantivos. Primeiro, *portelo*, que é un diminutivo de *porto*. Segundo Navaza (2007: 52) *portelo* vén definido

no dicionario de Eladio Rodríguez como “pequena abertura hecha en un valado por el cual sólo pueden pasar las personas y uno a uno los animales”, pero tamén pode referirse a unha entrada máis ampla, que permite o paso de carros. O segundo elemento *Supazo*, indícanos que o *Portelo* se atopa por debaixo do Pazo, pois a preposición *su-* vén do latín *SUB* que significa por debaixo e tamén se presenta na toponimia baixo a forma *so-* como en *Socampo* (debaxo do campo).

## Quiringosta de Marín, A (Os Valos)

Trátase dunha forma vacilante do termo xeral *congostra* “corredoi-  
ra fonda entre ribadas altas”. A partir da metátese do *-r-* fórmase o  
termo *crongosta*, que posteriormente se transforma en *quiringosta*.  
A transformación do *-g-* tras nasal en *-c-* é moi común nas zonas da  
gheada e leva á aparición de *quirincosta*. Estes termos están relacio-  
nados co adxectivo latino *ANGUSTUS* “estreito, angosto” e designan  
camiños fondos e estreitos (Álvarez Pérez, 2019: 252).

A forma vacilante de *congostra* máis empregada en toponimia é  
*A Quiringosta*. Tamén hai outros resultados como *quirincosta* ou *co-  
rincosta*. Na parroquia de Saxamonde rexístrase **A Quiringosta de  
Marín**, no barrio de Os Valos. *Marín* é o xenitivo do nome persoal  
latino *MARINIUS*.

O Nomenclátor de Galicia recolle tres lugares: *A Quiringosta* en  
Vigo e na Cañiza e un *Quiringostas* en Tui.

## Rampa do Pazo, A (Os Valos)

**A Rampa do Pazo** é un topónimo viario situado no barrio de Os  
Valos. Trátase, como o seu nome indica, dunha rampa que daba paso  
ao Pazo dende o *Camiño de Albarró*. Unha *rampa* é un “paso inclina-  
do que salva un desnivel sen escaleiras”.

## Subida ao Monte (Os Valos)

**Subida ao Monte** é un microtopónimo transparente que fai re-  
ferencia a unha vía que sube cara ao monte. Esta *subida* pasa polo  
barrio de Os Valos.

## **Traída, A**

O substantivo *traída*, que dá nome ao sistema de conducións e acometidas de auga aos domicilios, formouse co participio do verbo *traer*. Neste caso, na parroquia de Saxamonde, **A Traída** fai referencia a un camiño que atravesa o *Monte Formoso*.

## **Vía do Tren**

**Vía do tren** é un topónimo transparente que indica o lugar polo que pasa o tren dirección Vigo. Atravesa a parroquia de Saxamonde.

## Hidrotopónimos\*

### Cano, O (Casal do Monte)

O *Cano* contén o substantivo común *cano* (do latín CANNUM), que designa o conduto que verte a auga. Así pois, non ten un significado fitonímico relacionado ou derivado de *cana*, do latín CANNA. O **Cano** é un terreo que se sitúa no barrio de Casal do Monte.

### Fonte

O substantivo común *fonte* é moi frecuente na toponimia e procede do latín FŎNTEM. Navaza (2007: 56) afirma que no Nomenclátor de Galicia son cerca de cincocentas as localidades que conteñen no seu nome este substantivo ou un derivado, e na toponimia menor é igualmente moi abundante.




\* Topónimos que fan referencia ás augas.



*Fonte da Abeleira sinalada como Fonte Abeleiro*

Na parroquia de Saxamonde rexístranse numerosas fontes que fan referencia a construcións. No barrio de Casal do Monte atópase **A Fonte da Abeleira, Fonte de Vilanova, Fonte do Preto e Fonte do Trogallo**. No barrio de Os Valos rexístranse **A Fonte da Pedreira, Fonte da Preguiza, Fonte de San Román, Fonte do Lugués e Fonte do Pazo**. **A Fonte da Preguiza** leva ese nome por unha señora que vivía neste lugar. **A Fonte de San Román** está dedicada a este santo e atribúenselle propiedades curativas. Ten unha imaxe do santo nunha fornela. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde do ano 1760 aparece a “Fonte de San Román”:





## Lagoa, A (Padrón)

*Lagoa* é un substantivo que designa unha “extensión de auga máis pequena ca un lago e de menor profundidade” e vén do latín *LACUNA*. Pode facer referencia a unha lagoa propiamente ou a terreos que son abundantes en auga. Na parroquia de Saxamonde só hai un terreo chamado **A Lagoa** no barrio de Padrón que xa aparece no expediente de comprobación de bens da parroquia, do ano 1760.

## Lavadoiro da Pedreira (Os Valos)

*Lavadoiro* (do latín *LAVATORIUM*) designa a “pedra plana ou táboa colocada á beira dun río, dunha pía etc., sobre a que se lava a roupa” (diccionario da Real Academia Galega). Segundo Cabeza Quiles (2020: 140), o sufixo *-oiro* (< latín *-ORIUM*) emprégase, unido a un verbo (neste caso *lavar*), para nomear aqueles lugares nos que se realiza a acción descrita polo verbo (así, *parladoiro*, *rapadoiro*...). No barrio de Os Valos atópase o **Lavadoiro da Pedreira** e **Lavadoiros da Preguiza**.

## Poza

Unha *poza* é un pequeno depósito de auga que se forma nas fochas do terreo cando chove. Tamén é unha especie de encoro pequeno e pouco fondo. Igual que o masculino *pozo* (do latín *PŪTĒU*), o feminino *poza* aplícase a calquera depresión, natural ou creada polo home, que se enche de auga por efecto das chuvias ou dalgún manancial (Navaza, 2007: 117).

Na parroquia de Saxamonde rexístranse varias construcións. No barrio de Os Valos están **Poza**, **Poza da Coutadiña** e **Poza das Besadas**. No barrio de Souto atópase a **Poza dos Cardais**. Curiosamente, rexístrase a forma en galego para a poza (*Cardais*) e en castelán para as terras que se atopan ao carón (véxase a entrada *Cardales*).

## Regato / Rego / Regueiral

*Rego* é un substantivo que provén do celta *\*reku* “gabia” e que seguramente conflúa cos derivados do verbo latino *RIGARE* “regar” (Gómez e Méndez, 2022: 69) e refírese a un pequeno curso de auga ou á canle

que distribúe a auga polos prados. Na toponimia de Saxamonde rexístrase **Rego da Brea**, que é unha levada que vai ao *Muíño do Coxo*.

Tamén son derivados de *rego* os substantivos *regato* e *regueiro*. En Saxamonde está o **Regato das Matutas** no barrio de Casal do Monte e **O Regueiral**, no barrio de Os Valos. Este último é un regato que divide as parroquias de Saxamonde e Quintela. *Regueiral* é un nome formado a partir de *regueiro*, mentres que *regato* sería un diminutivo de *rego*. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 xa aparece “Rigeyral”.

## Río

*Río* é un topónimo de significado transparente e vén do latín *RIVU* “arroyo, río pequeno”; é moi abundante na toponimia e adoita constituír compostos.



Tramo do *Río Louro*

Na parroquia de Saxamonde rexístranse **Río Cadeláns**, **Río Escornabois** e **Río Liñares** no barrio de Padrón. **Río Louro** no barrio de Os Valos e **Río Maceiras**, que pasa por varios lugares. O **Río Louro** aparece no Catastro de Ensenada (1750-54) como “Río do Louro” e consta como un dos límites da parroquia de Saxamonde. Ademais, no barrio de Casal do Monte está **O Río** que hoxe en día está canalizado e tapado con piche.

## **Sorregos, Os (Casal do Monte)**

*Os Sorregos* é un topónimo do barrio de Casal do Monte que indica posición. A preposición *so-* vén do latín *SUB* que significa por debaixo e tamén se presenta na toponimia baixo a forma *su-*, como ocorre en *Portelo do Supazo*, nome tamén da parroquia de Saxamonde. *Rego* é un substantivo que provén do celta *\*reku* “gabia” e que seguramente conflúa cos derivados do verbo latino *rigare* “regar”. Polo tanto, **Os Sorregos** debería ser un terreo situado por debaixo dun rego.



## Fitotopónimos\*


### Balaídes, As (Os Valos)

Derivado de *baláidos*, que á súa vez vén do latín ABELLANA máis o sufixo -ETU. A forma completa sería *Abelaído*, como se rexistra no concello dea Lama e no de San Xoán de Río. *Balaído* sería o resultado da perda do *a-* inicial xunto cunha harmonización vocálica, como sucede co *Balaídos* de Vigo. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 xa aparece como *Balaídes* ou “Valaíde”. Polo tanto, o topónimo designa un terreo con abundancia de abeleiras, a árbore das abelás.

### Cardales (Souto)

O topónimo menor **Cardales** é unha forma castelanizada do que debería ser en galego *Cardais*. Este nome en plural só aparece rexistrado en Portugal, mais a súa forma en singular, *Cardal*, rexístrase catro veces no Nomenclátor de Galicia. Un *cardal* é un sitio no que nacen cardos (do latín CARDU). Neste caso rexístrase **Cardales** na parroquia de Saxamonde, no barrio de Souto. No expediente de comprobación de bens xa aparece escrito como “heredad do Cardal”.

\* Topónimos que fan referencia á vexetación.



## **Castañal, O**

*Castañal* é un substantivo derivado do nome *castaña* que ten orixe no latín *CASTANĒA* e que, mediante o sufixo abundancial *-al* (do latín *-ALE*), forma *castañal* para designar un lugar poboado de castiñeiros, tamén coñecido como souto. Dentro da parroquia de Saxamonde rexístrase **O Castañal** nos barrios de Padrón e Souto. No expediente de comprobación de bens aparece o “sitio das Castiñeiras”.

## **Folgadas do Río, As (Os Valos)**

*Folgado* vén de *folgar*, do latín *FILICALE* e este é un derivado de *fento*. No dicionario da Real Academia Galega unha *folgada* é un terreo de cultivo que se deixa en descanso durante certo tempo. **As Folgadas do Río** do barrio de Os Valos están ao lado do *Río Louro*, polo que poden ser sitios sen cultivar e de herba ao carón do río.

## **Herbal, O (Padrón)**

O substantivo *herba* (<lat. *HĒRBA*) é unha voz común que designa os pastos e en xeral toda clase de planta herbácea. Neste caso estamos ante o derivado *herbal* formado polo sufixo *-ALE*, que é común como topónimo nas áreas occidentais (Navaza, 2006: 301). No barrio de Padrón rexístrase **O Herbal**.

## **Horta**

Unha *horta* fai referencia a un terreo cerca da casa no que se cultivan legumes, verduras e hortalizas e, nalgúns casos, árbores froiteiras. O masculino *horto* procede do latín *HORTU* “xardín”, e o femini-

no *horta* (do latín HORTA) constitúe un aumentativo-colectivo, que é común aos romances hispánicos e á lingua de occidente. A forma en feminino é moito máis común na toponimia que o masculino *horto*. Así pois, no barrio de Os Valos rexístrase **Horta das Canas** e **O Horto Cancelo**, mentres que no barrio de Padrón se atopa **A Horta** e **As Hortas**.

## Liñares

O nome **Os Liñares** do barrio de Padrón é o plural de *liñar*, que vén do substantivo *liño*, LĪNU en latín, e fórmase a través do sufixo -ALE. Deste xeito, alude a un terreo destinado ao cultivo de liño. Por outra banda, **O Liñariño** do barrio de Casal do Monte é un diminutivo de *liñar*.

## Oliveira, A (Os Valos)

*Oliveira*, do latín OLIVARIA, fai referencia á árbore que dá olivas. Este topónimo é abundante en Galicia, o que demostra que esta especie foi común na flora galega. Con todo, a promoción do cultivo da oliveira nas terras de Andalucía por parte das disposicións reais contribuíu á desaparición da especie en Galicia. **A Oliveira** é un topónimo rexistrado no barrio de Os Valos.

## Palleiro, O


*Palleiro* é un derivado de *palla*, do latín PALĒA, mediante o sufixo -ARIU. Estes topónimos non sempre teñen significado fitonímico, senón que tamén poden dar nome a diversos tipos de alpendres ou edificacións. De todos modos, sempre ten relación coa *palla*, xa sexa para almacenala ou porque se empregaba como cubrición (Navaza, 2006: 396). Na parroquia de Saxamonde rexístrase **O Palleiro** nos barrios de Padrón e Os Valos en referencia a dous terreos.

## Pereiro

A *pereira* é a árbore que ten a pera de froito. Prové do latín PIRARIA, mais na toponimia pode confundirse con PETRARIA, derivado de PETRA. Polo tanto pode facer referencia a un lugar abundante en

pedra ou a unha plantación de pereiras, aínda que probablemente estea relacionado coa árbore. Na parroquia de Saxamonde rexístrase **As Pereiras** no barrio de Os Valos e **O Pereiro** no barrio de Padrón.

No memorial de rentas do ano 1699 aparece mencionado o “campo das Pereiras” na parroquia de Saxamonde, o nome que puido levar a **As Pereiras**. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 xa aparece “Pereyro”.



## Piñeiros, Os (Os Valos)

*Piñeiro* vén do latín PINARIU, e este de PINU, e é un topónimo que proba de maneira transparente a antiga existencia no lugar dun piñeiro senlleiro. Isto, unido a que o nome de lugar *Piñeiro* ou *O Piñeiro* (e os plurais) é moito máis frecuente en Galicia que o abundancial desta árbore *Piñeiral* ou *O Piñeiral* leva a pensar, como sinala Navaza (2006: 412), que en Galicia non eran abundantes os bosques de piñeiros, ao contrario que os de carballos, senón que estas árbores se atopaban solitarias, illadas e eran exemplares únicos que moitas veces servían como referencia na delimitación de territorios. Na parroquia de Saxamonde rexístrase **Os Piñeiros**, un terreo do barrio de Os Valos, que no expediente de comprobación de bens de 1760 xa aparece mencionado.

## Poexas, As (Souto)

Relacionado co *poexo*, a planta herbácea recendente da familia das labiadas, de talos moi ramificados, follas ovadas e flores azuis ou moradas, que medra en lugares húmidos. Tamén é chamado poexo-menta, é unha das especies máis coñecidas do xénero *Mentha*.



## Pumar, O (Padrón)

O *Pumar* é un derivado do substantivo *pomar*, que designa un “terreo ou horta plantada de árbores froiteiras, especialmente de ma-ceiras” (diccionario da Real Academia Galega). Procede do latín POMARE, variante de POMALE. En galego aínda está vivo o significado xenérico de “horta con árbores froiteiras” e é este o significado co que aparece nos documentos medievais. Así, no Tombo de Celanova, nun folio do ano 961 dise: “*ipsum pummarem cum suo terreno et suas mazararias*” (Navaza, 2006: 426).


Na parroquia de Saxamonde rexístrase **O Pumar** no barrio de Padrón e agora non, mais antes si que había árbores froiteiras. No Nomenclátor de Galicia aparecen 25 lugares denominados *O Pumar* e outros 58 que conteñen o substantivo: sen artigo (*Pumar*), coa forma diminutiva (*O Pumariño*, *Pumarín*) e outros (*Pumares*, *A Veiga do Pumar* etc.).

## Salgueirales, Os (Souto)

O substantivo *Salgueiral* vén do latín SALĬCARIALE, e é un derivado colectivo do latín SALIX “salgueiro”. No barrio de Souto rexístrase un terreo denominado **Os Salgueirales**, xa documentado no 1760, no expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde.

## Salgueiros


*Salgueiro* é o nome que recibe a árbore que deriva da voz latina SALIX “salgueiro” mediante o sufixo -ARIU. Deste xeito, *salgueiro* vén de SALĬCARIU e esta denominación está presente en moitos topónimos galegos. No barrio de Souto rexístrase **As Salgueiras** e no barrio de Os Valos o masculino **Os Salgueiros**. Tamén aparece en 1760 o “sitio dos Salgueiros”:



Sitio dos Salgueiros,

## Sobrosas, As (Casal do Monte)


As **Sobrosas**, do barrio de Casal do Monte, semella ser un derivado de *sobreira*, un tipo de árbore que vén do latín SUBERARIA. Este é un derivado en -ōSA que na toponimia maior non se rexistra en Galicia, senón que ten máis presenza en Portugal. Porén, no Proxecto Toponimia de Galicia, sobre toponimia menor, si que se rexistra. En feminino só aparecen *As Sobrosas* no concello de Ribeira, pero o masculino é moito máis abundante. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 xa aparece este nome:



## Souto, O

Souto vén do latín SALTU, que tiña en orixe un significado oronímico de “desfiladeiro, quebrada” e outro fitonímico “pastizais con bosque” (Navaza, 2006: 513). O nome indica que habería no momento do nacemento dos topónimos un souto de castiñeiros ou de castiñeiros e carballos mesturados. Segundo Cabeza Quiles (2018: 172), a castaña tivo moita importancia como alimento en Galicia, antes da chegada da pataca americana de alén mar, e fixo que fose chamado nun principio castaña da terra ou castaña mariña. O topónimo *Souto*, *O Souto* e derivados é moi numeroso na nosa terra, tamén como parte dun composto. Na parroquia de Saxamonde temos o barrio **O Souto**, que tamén alberga o topónimo **O Souto Novo**. No barrio de Padrón rexístrase **O Souto de Amaro**.

No Catastro de Ensenada (1750-54) aparece mencionado o “sitio do Souto”. Pero xa aparecía no memorial de rentas do ano 1699. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 tamén aparece “Souto Nobo”.



## Toxales, Os (Padrón)

*Toxal* é unha palabra con valor colectivo derivada de *toxo* mediante sufixo *-al* (no latín *-ALE*). O *toxo* é un arbusto de grande importancia en todo o territorio galego que se empregaba como cama para o gando e, mesturado con excrementos, era utilizado como abono de primeira calidade. Ademais de ser empregado como combustible ou como alimento para animais (Álvarez Pérez, 2019: 208). A forma *toxo* é unha voz propia de Galicia e zonas limítrofes, pois en castelán é coñecida co nome de *aulaga* ou *aliaga*. **Os Toxales**, en plural, é un nome que se rexistra no barrio de Padrón.

## Trugallos, Os (Casal do Monte)

Martín Sarmiento, no século XVIII, recolle a forma *torgallo* referida a unha “costrán gruesa y mayor que se suele hacer de una rama grande y sirve para atar las pipas en los carros”. Esta palabra procede, á súa vez, de *torgo* “raíz das uces”.

O topónimo experimentou posteriormente unha pechazón da vogal *-o-* en *-u-* e, por outra banda, unha metátese do *-r-* que daría como resultado **Os Trugallos**.



## Topónimos relacionados cos tipos de poboamento e con outras obras e actividades humanas

### Muíño

A palabra *muíño* vén do latín tardío MŎLĪNU (de MOLERE “moer”) e indica a presenza desta construción na zona. Na parroquia de Saxa-monde rexístranse numerosos muíños.

No barrio de Os Valos están **Muíño da Historia**, **Muíño do Buraco** e **Muíño do Changarello**, no paso polo Río Louro; **Muíño de Albarró** e **Muíño do Regueiral** situados no Regueiral; **Muíño de Alfredo** e **Muíño dos Salgueiros**.

No barrio de Padrón están **Muíño de Trina** e **Muíño dos Caranguexos** no Río Cadeláns; **Muíño do Coxo**, **Muíño do José** e **Muíño do Lago**.



Muíño do Coxo

## Pazo, O (Os Valos)

*Pazo* vén do latín PALATIUM, que orixinalmente era o nome que se lle daba ás vivendas que había no Monte Palatino de Roma. Como moitas delas pertencían a cidadáns poderosos acabouse asociando ao seu significado a idea de vivenda luxosa e grande. En galego, *pazo* designa unha casa grande, polo que a presenza deste topónimo pode aludir a unha construción de certa relevancia no lugar, non necesariamente nobre (Álvarez Pérez, 2019: 248). No caso de **O Pazo** do barrio de Os Valos, documéntase que na parroquia de Saxamonde existiu o **Pazo de San Román**, de familia nobre, do que hoxe só se conservan algúns restos e a capela, que actualmente é a Igrexa de San Román de Saxamonde. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 xa aparece o “sitio do Pazo”.

## Peirao, O (Os valos)

O substantivo *peirao* provén do latín PETRATO e é un derivado de *pedra*. Un *peirao* é o muro dunha presa feita nun río para reter a auga e desviala cara a un muíño ou cara aos campos que se regaban con ela. **O Peirao** do barrio de Os Valos fai referencia a un peirao que había para regar os campos.


## Ponte

O substantivo *ponte*, do latín PONTEM, está moi presente na toponimia galega. Na parroquia de Saxamonde rexístranse varias destas construcións. **Ponte da Negral** e **Ponte do Rosario** no barrio de Os Valos. **Ponte da Salgueira**, na que o carro ía pola auga pois a ponte só era para pasar a pé, e **A Ponte da Sepal** no barrio de Souto. Finalmente, no barrio de Padrón están **A Ponte da Serra**, **Ponte da Veiguiña** e **A Ponte de Rial**. Esta última está no río Maceiras, por debaixo da ponte do tren.



*Ponte do Rosario á esquerda e Ponte da Negral á dereita.*

**Ponte da Salgueira** aparece xa documentada no expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 como “Ponte Salgeiro”:



## Quintiña, A (Os Valos)

O nome *A Quintiña* está relacionado co numeral partitivo correspondente a *cinco*: *quinto*, *quinta*, que tamén ten abundante presenza na toponimia. En Saxamonde rexístrase o diminutivo **A Quintiña** no barrio de Os Valos en referencia a unha terra.



## Haxiotopónimos\*

### Igrexario, O (Os Valos)


*Igrexa*, do latín vulgar ECCLESIA “assemblea, reunión de fieis”, refírese á igrexa, centro de reunión dos fregueses á hora da misa. Neste caso estamos ante un derivado, *Igrexario*, que se sitúa nas inmediacións da igrexa e tamén abarca terreos que lle pertencen ou pertenceron a esta institución. **O Igrexario** sitúase no barrio de Os Valos.

Como curiosidade, as evolucións patrimoniais galegas comúns a partir de ECCLESIA son, con ou sen artigo, *Eirexa*, *Eirexe*, *Irexe*, *Irex*a, *Grixa*, *Airexa*, *Airexe*, comúns na toponimia galega.

### San Mateus, Os (Casal do Monte)

**Os San Mateus** nomean tres fincas do barrio de Casal do Monte. *Mateu* vén do nome hebreo *Matithyah* “don de Iavé” (que tamén dá orixe a Matías), abreviado en *Mathathah*, que se adaptou ao grego coa forma *Matthaîos* e ao latín evanxélico como *Matthaeus*. Este nome aparece xa no expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 como se pode ver na imaxe onde pon “S(an) Matheu”:

\* Topónimos que fan referencia aos santos e aos cultos relixiosos.




Segundo a *Guía de nomes galegos* (Boullón Agrelo), San Mateu foi un dos doce apóstolos de Cristo e un dos catro evanxelistas. Era recadador de impostos para os romanos e chamábase Leví. Xesús chámalo, múdalle o nome e faino tesoureiro do grupo apostólico. Foi o autor do primeiro dos Evanxeos, escrito en arameo.

## Zootopónimos\*

### Escornabois, Os (Souto)

Un escornabois é, segundo o dicionario da Real Academia Galega, un insecto de gran tamaño da orde dos coleópteros, de cor loura e negra que, no caso do macho, ten dúas mandíbulas semellantes a cornos en forma de arco. No barrio de Souto rexístrase o terreo **Os Escornabois** e no de Padrón o **Río Escornabois**. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 xa aparece mencionado como terreo, escrito “Escornabois” ou “Escornaboys”:



No Nomenclátor de Galicia rexístrase un lugar co mesmo nome no concello de Trasmirás, na provincia de Ourense.

### Rabo do Mulo, O (Padrón)

O **Rabo do Mulo** é un microtopónimo composto polos substantivos *rabo* e *mulo*. *Rabo* aparece nos dicionarios cos significados de

\* Topónimos que fan referencia á fauna.

“apéndice caudal dun animal”, “mango” e “por extensión, calquera cousa alongada situada nun extremo doutra” (Carrasco e Navaza, 2014: 136). En sentido figurado, *rabo* aplícase na toponimia a propiedades longas e estreitas. Neste topónimo *rabo* vai acompañado do animal *mulo*, que é o resultado dun cruce entre un burro e unha egua. Na agricultura era utilizado como besta de carga. **O Rabo do Mulo** fai referencia a un terreo situado no barrio de Padrón. No expediente de comprobación de bens xa aparece “Rabo de Mulo”.

## Antropónimos\*

### A + de (+ artigo) + nome

Os topónimos que se compoñen de *a de* (artigo + preposición), *a do/a* (artigo + contracción de preposición + artigo) fan mención aos propietarios das parcelas, ben sexa polo seu nome, apelido, alcume, profesión, hipocorístico ou sobrenome.

Na parroquia de Saxamonde non hai moitos topónimos deste tipo. No barrio de Padrón atópase **A de Vixairo** ou **Bixairo** e no barrio de Casal do Monte **A do Preto** e **A do Santo**.

### Marisqueira, A (Casal do Monte)

A **Marisqueira** é un nome que probablemente fai referencia ao alcume da persoa propietaria da finca que se dedicaba a vender ou apañar marisco. Este terreo atópase no barrio de Casal do Monte.

### Mendo, O (Os Valos)

*Mendo* fai referencia a un nome gótico de posesor, MENENDUS, que é unha forma abreviada do nome ERMENEGILDUS. Aínda que a sim-

\* Topónimos que fan referencia os nomes de propietarios ou de posesor. Tamén aparecen os topónimos relacionados con oficios, xa que se pensa que teñen unha relación antroponímica.

ple vista poida parecer imposible, foron dous nomes que antigamente facían referencia a unha mesma persoa (HGN). **O Mendo** é un monte veciñal situado no barrio de Os Valos.

### **Perricón, A (Padrón)**

Estamos ante un topónimo composto que designa a propiedade dunha persoa. Por un lado temos a forma *Pero*, como variante do nome persoal Pedro; e pola outra, temos o apelido *Ricón*, de forte presenza en Redondela. En definitiva, o topónimo infórmanos de que este terreo pertencía a un tal Pero Ricón.

### **Trasandíns, Os (Souto)**


Este topónimo está formado pola preposición *tras* e o nome *Sandín*. Así pois, o topónimo indica que está por detrás dun sitio que se chama Sandín. Este vén do gótico e trátase dun nome de posesor *Sandinus*. O expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 menciona “*Tras Sandín*”.

## Outros

### Ballotes, Os (Os Valos)

Para Cabeza Quiles (2020: 31) *Ballote* é un topónimo difícil para o cal non hai unha explicación segura. Podería referirse a unha pequena propiedade agrícola dunha persoa apelidada ou alcumada (O) *Ballote*, nome que se lle puido aplicar a alguén que por estar especialmente gordo e fose comparado cun *ballote*, un bolo de fariña de millo tamén chamado *bolo do pote* por cocerse no caldo. A este respecto, hai unhas casas de turismo rural situadas a carón da vila coruñesa de Rianxo denominadas *dos Ballotes*, alcume da familia que as rexenta, que tamén podería referirse á palabra *ballote* co significado de “hombre pobre, de poco haber [...], de mal gobierno”, dado por Juan Sobreira Salgado e recollido no Dicionario de Dicionarios.

No barrio de Os Valos atópase **Os Ballotes**. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 aparece mencionado o “sitio do Ballote”:




## Carreira dos Bolos (Os Valos)

**Carreira dos Bolos** é un topónimo composto formado polos substantivos *carreira* e *bolo*. En canto ao primeiro substantivo, *carreira* relaciónase con CARRUS “carro”, porque era unha (VIA) CARRARIA. Antigamente xogábase aos bolos nesa zona do barrio de Os Valos, tamén coñecido como *birlos*. O xogo dos bolos é parte do pobo galego, pois ten presenza en toda Galicia e antigamente era unha das poucas actividades de ocio que podían practicar, sobre todo nas zonas rurais. O lugar de **Carreira dos Bolos** tamén é coñecido como *Pino Manso* por haber dous piñeiros mansos grandes na zona.

## Casal do Monte

**Casal do Monte** é un dos barrios de Saxamonde. A orixe do nome procede do latín CASALE, derivado de *casa*. O seu significado remítenos a pequenas propiedades rurais compostas dunha casa principal e o segundo elemento (*Monte*) diferéncias e localízaas na zona. No expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 xa aparece este nome:



## De Renfe (Os Valos)

Este terreo está relacionado coa empresa de ferrocarrís RENFE (*Rede Nacional dos Ferrocarrís Españóis*). De feito, aínda se conserva nel un marco de RENFE.

## Finca

*Finca* é un castellanismo. Na parroquia de Saxamonde só se rexistran dous nomes con este substantivo: no barrio de Padrón está a *Finca de Magariños* e no de Os Valos as *Fincas do Rei*, tamén chamado *Pinal do Rei*.



## Lugar + de

O termo *lugar* vén do latín *LOCALEM* “local, propio do lugar”, derivado de *LOCUS* “lugar”. Rodríguez González (2019: 153), sinala que en galego ten diferentes significados “núcleo pequeno de poboación en que se divide unha parroquia, con poucos veciños e de carácter rural”, “conxunto formado por unha vivenda e as terras de cultivo”, “terras contiguas a unha casa, que xunto con ela forman unha única superficie separada do exterior por medio dunha parede” ou coa indicación sobre unha posición relativa.

A palabra *lugar* foi quedando fixada na toponimia local, xa que serve para identificar as parcelas que aparecen vinculadas cos propietarios, cos alcumes familiares e cos sitios nos que se atopan.

A parroquia de Saxamonde destaca por ter numerosos lugares na súa toponimia. Así pois, no barrio de Casal do Monte están **Lugar da Costeira, Lugar da Devesa, Lugar de Arriba, Lugar de Vilanova, Lugar do Casal do Monte, Lugar do Monte e O Lugar do Tombo**. No barrio de Padrón rexístranse **Lugar da Arosia, Lugar da Balada, Lugar da Jesusa, Lugar da Poveda, Lugar da Meca, Lugar de Bernardino, Lugar de Cándida, Lugar de Evaristo, Lugar de Figueroa, Lugar de Filipina, O Lugar de Joaquín e Lugar do Vizcaíño**. No barrio de Souto temos **Lugar da Portuguesa, Lugar de Anuncia, Lugar de Outeiro, Lugar do Señorito e Lugar do Souto**. Finalmente, no barrio de Os Valos atópanse **Lugar da Fonte, Lugar da Iglesia, Lugar da Pedreira, Lugar da Rega, Lugar da Roxa, Lugar de Albarró, Lugar de María do Adro, Lugar do Castillo, Lugar do Coto, Lugar do Coxo, Lugar do Galo, Lugar do Monte e Lugar do Regueiral**.


Polo miúdo, **O Lugar do Señorito** do barrio de Souto fai referencia a unha casa que era dun home rico que tiña relación co Conde de Torrecedeira. **O Lugar do Castillo**, visiblemente castelanizado, leva ese nome por ser a casa dun ermitán que cando volvía dicía “vou para o meu castillo”. **Lugar do Coxo** fai referencia á condición física do propietario, un home coxo que comprou alí unha casa arredor dos anos 20.

**Lugar da Iglesia, Lugar da Costeira, Lugar de Albarró, Lugar do Outeiro e Lugar da Rega** aparecen así mencionados no expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760.

## Mouras, As (Os Valos)


O nome de *Moura* pode aludir a diferentes cousas. Por unha banda, as mouras son seres fantásticos con poderes sobrenaturais famosas nos folclores galego e portugués. Son seres obrigados por unha forza sobrenatural a vivir en estado limitado ou adormecido, sempre e cando determinada circunstancia non lles rompa o encantamento. Segundo antigos relatos populares, son as almas de doncelas que foron deixadas gardando os tesouros que os mouros esconderan antes de partir para a súa terra.

Por outro lado, o adxectivo *mouro* designa na toponimia realidades de cor escura. Polo tanto poderían ser *As* (terras) *Mouras* en relación coa cor que se percibía. Porén, tamén pode ser un alcume referido á cor da pel da persoa propietaria. **As Mouras** é un terreo situado no barrio de Os Valos e aparece xa escrito no expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760. Mesmo se menciona un “*Cocho da Moura*”.



## Negrales

A forma *Negral* parece vir do adxectivo NĪGER “negro”, relativo á cor do terreo ou a un grupo de árbores ou plantas de cor escura, e o sufixo -ALE. No barrio de Casal do Monte atópase **As Negrales de Abaixo** e no barrio de Os Valos, **As Negrales de Arriba**. Nun documento de 1760 menciónase o “sitio da Negral”:



## Patoucha, A (Padrón)

A **Patoucha** é un terreo situado no barrio de Padrón. Na parroquia de Negros, en relación con este nome, rexístrase **A Curva da Patoucha**. Polo tanto *Patoucha* semella ser o alcume dunha señora propietaria das terras.


## Píos, Os (Souto)

Segundo Carrasco e Navaza (2014: 132), o nome **Os Píos** (no barrio de Souto) podería ter relación cun nome persoal *Pío* (do latín PIUM “piadoso”), popularizado por ser o nome de varios pontífices de Roma, mais tamén é probable que faga referencia á presenza no lugar dun *pilón* ou *pío* (< latín PILUM) para conter auga. Aínda que tamén é probable que faga referencia a un *pío* da industria artesanal da pel, pois *píos* eran os lugares onde se empozaban as peles, con casca de piñeiro (*pío de casca*) ou con cal (*pío de cal*) para eliminar delas os residuos orgánicos e proceder ao seu curtido.

## Trigueira, A (Padrón)

O *trigo*, do latín TRITICUM, é un nome que ten moita presenza na toponimia, sobre todo a partir do derivado colectivo *trigueira*, co sufixo -ARIA latino. Estes topónimos refírense a terras destinadas ao cultivo do trigo, pero non se poden descartar outras motivacións. **A Trigueira** do barrio de Padrón fai referencia a unha entidade humana.


No Catastro de Ensenada (1750-54) xa aparece mencionado o “*sitio da Trigueira*”. Tamén no expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760.



## Xinelas, As (Casal do Monte)

*Xinela* pode ser unha variante do substantivo *xanela*, que vén do latín JANUELLAM “pequena fiestra”, derivado con sufixo diminutivo

do substantivo JANUA “porta de entrada”. O topónimo pode ser motivado por ser un sitio con boas vistas (Luna e Navaza, 2022: 258). No Catastro de Ensenada aparece mencionado o “*sitio da Xinela*”, mais no expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760 aparece como “*sitio da Jinela*” ou “*da Xinela*”.



## Vilanova (Casal do Monte)

*Vilanova* é o resultado transparente do latín VILLA NOVA. No barrio de Casal do Monte, **Vilanova** fai referencia a catro fincas. Ademais, neste barrio tamén se atopan o **Camiño de Vilanova**, **Fonte de Vilanova** e **Lugar de Vilanova**.

No memorial de rentas de 1699 aparece mencionado como “*Vilanoba*” e coa mesma grafía aparece no expediente de comprobación de bens da parroquia de Saxamonde de 1760:



## Topónimos escuros\*

### **Bulguerías, As (Padrón)**

Unha hipótese, sobre a cal traballar, sería que **As Bulguerías** proceda de *burgas*, referido como lugar de augas quentes ou medicinais (Bascuas, 2014). Desta maneira, a modificación do -r- final de sílaba en -l- débese a un proceso fonético coñecido como lateralización.

### **Manfartas, As (Os Valos)**

É posible que se trate dun microtopónimo composto. Por un lado temos *man* e polo outro *fartas*, referido ao adxectivo *farto*. Por conseguinte fai referencia a un lugar onde hai boa produción.

### **Matutas, As (Casal do Monte)**

Podería referirse a un apelido foráneo: Matute. A súa forma en feminino e plural débese a unha simplificación de “as terras de Matute”, sinalando o propietario.

\* Topónimos de orixe descoñecida.

## **Rustrilleiras, As (Os Valos)**

Podería proceder do verbo *rustrir*, co sentido de asar ou fritir. Pero, en todo caso, este microtopónimo precisa doutros referentes escritos e antigos que nos axuden a clarificar que significa.

## Bibliografía

- Álvarez Pérez, Marta (2019): *Toponimia do Val de Fragoso: Bem-brive*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.
- Boullón Agrelo, A. I. (coord.): *Guía de nomes galegos*. A Coruña: Real Academia Galega. <<https://academia.gal/nomes>> .
- Cabeza Quiles, Fernando (2020): *Toponimia de Carballo*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada.
- Cabeza Quiles, Fernando (2018): *Toponimia da Estrada*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada.
- Carrasco, Lorena e Navaza, Gonzalo (2014): *Toponimia do Val de Fragoso: Beade*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.
- Catastro de Ensenada = Ministerio de Cultura (2004-): *Catastro de Ensenada (1750-1754)* [web]. [Madrid]: PARES.
- CODOLGA = José Carracedo Fraga (2020-): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

- DCECH = Corominas, J / Pascual, J. A. (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. 6 vols. Madrid: Gredos.
- Gómez, Lidia e Méndez, Luz (2022): *Toponimia de Tordoia*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada.
- HGN = Joseph M. Piel / Dieter Kremer (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter
- López Boullón, Xosé Ramón (2019): *Toponimia de Ames*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada.
- Luna, Aránzazu e Navaza, Gonzalo (2022): *Toponimia do Val de Fragoso: Valadares*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.
- Marqués Valea, Xulia (2018): *Toponimia de Trabada*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada.
- Martínez Lema, Paulo (2018): *Toponimia de Begonte e Rábade*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada. [04/09/2022].
- Memorial de rentas para 1699 = Convento de Vilavella de Redondela (Pontevedra). *Memorial cobrador de rentas para 1699*. Arquivo Histórico Nacional. <<http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/show/3537522?nm>>.
- Navaza, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. Biblioteca Filolóxica Galega. Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Navaza, Gonzalo (2007): *Toponimia de Catoira*. Catoira: Concello de Catoira.
- Rodríguez González, Afonso Salvador (2019): *Toponimia do Val de Fragoso: Candeán*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.



# Índice

A de Vixairo ou Bixairo  
A do Preto  
A do Santo  
Balaides, As  
Ballotes, Os  
Barcia, A  
Barcova, A  
Barrentas, As  
Besadas, As  
Boca, A  
Boca do Túnel de Os Valos  
Breas de Abaixo, As  
Breas de Arriba, As  
Bulguerías, As  
Buracas, As  
Cachardo, O  
Cacharelo, O  
Calzadas, As  
Camiño da Abeleira  
Camiño da Banca  
Camiño da Besada

Camiño da Devesa  
Camiño da Fonte  
Camiño da Fonte  
Camiño da Quiringosta  
Camiño da Sepal  
Camiño da Torroxeira  
Camiño das Cavadiñas  
Camiño das Lameiras  
Camiño de Ballote  
Camiño de Vilanova  
Camiño do Balado  
Camiño do Casal do Monte  
Camiño do Coto  
Camiño do Freixeiro  
Camiño do Monte  
Camiño do Souto  
Camiño do Souto de Amaro  
Camiño dos Campos  
Camiño dos Campos  
Camiño dos Cardales  
Camiño dos Cupiños  
Camiño dos Grelos  
Camiño dos Pasos  
Camiño dos Piñeiros  
Camiño dos Valongos  
Camiño Fondo  
Camiño Romano  
Camiños da Pedreira  
Campo de Alá  
Campo de Aquí  
Campo de Arriba  
Campo de Fútbol de Saxamonde  
Campo de Víctor  
Campo Pequeno  
Campos, Os  
Campos, Os

Campos, Os  
Canexa, A  
Canexa, A  
Cano, O  
Cardales  
Carreira dos Bolos  
Casal do Monte  
Castañal, O  
Castañal, O  
Cavadiñas, As  
Centro Cultural Chan das Pipas  
Cerrada de Camisas  
Cerrada de Casas  
Cerrada de Rapuxa  
Cerrada, A  
Cerrado, O  
Cerrado, O  
Cerrado, O  
Chan de Esteiro  
Chan do Curro, A  
Chan do Trebo, A  
Chan, A  
Chan, A  
Cocho da Eira  
Cocho da Eira, O  
Cochos, Os  
Cochos, Os  
Cochos, Os  
Costa do Joaquín  
Costeiras, As  
Coto de San Román, O  
Coto do Gran, O  
Coutada do Misioneiro, A  
Coutadiñas, As  
Covas, As  
Cupiños, Os

Curtiña, A  
De Renfe  
Devesa de Joaquin, A  
Eira da Casa Vella  
Escola Vella  
Escornaboís, Os  
Estrada de Nespereira  
Finca de Magariños  
Fincas do Rei  
Folgadas do Río, As  
Fonte da Abeleira, A  
Fonte da Pedreira, A  
Fonte da Preguiza  
Fonte de San Román  
Fonte de Vilanova  
Fonte do Lugués  
Fonte do Pazo  
Fonte do Preto  
Fonte do Trogallo  
Herbal, O  
Horta das Canas  
Horta, A  
Hortas, As  
Horto Cancelo, O  
Igrexario, O  
Inxido Grande, O  
Inxido Pequeno, O  
Lagoa, A  
Lameiras, As  
Lavadeiros da Preguiza  
Lavadoiro da Pedreira  
Liñares, Os  
Liñariño, O  
Lombos, Os  
Lugar da Arosia  
Lugar da Balada

Lugar da Costeira  
Lugar da Devesa  
Lugar da Fonte  
Lugar da Iglesia  
Lugar da Jesusa  
Lugar da Meca  
Lugar da Pedreira  
Lugar da Portuguesa  
Lugar da Poveda  
Lugar da Rega  
Lugar da Roxa  
Lugar de Albarró  
Lugar de Anuncia  
Lugar de Arriba  
Lugar de Bernardino  
Lugar de Cándida  
Lugar de Evaristo  
Lugar de Figueroa  
Lugar de Filipina  
Lugar de Joaquín  
Lugar de Joaquín, O  
Lugar de María do Adro  
Lugar de Outeiro  
Lugar de Vilanova  
Lugar do Casal do Monte  
Lugar do Castillo  
Lugar do Coto  
Lugar do Coxo  
Lugar do Galo  
Lugar do Monte  
Lugar do Monte  
Lugar do Regueiral  
Lugar do Señorito  
Lugar do Souto  
Lugar do Tombo, O  
Lugar do Vizcaíño

Manfartas, As  
Marisqueira, A  
Matutas, As  
Mendo, O  
Mina do Manolo, A  
Minada, A  
Minada, A  
Minadas, As  
Monte Formoso, O  
Mouras, As  
Muíño da Historia  
Muíño de Albarró  
Muíño de Alfredo  
Muíño de Trina  
Muíño do Buraco  
Muíño do Changarello  
Muíño do Coxo  
Muíño do José  
Muíño do Lago  
Muíño do Regueiral  
Muíño dos Caranguexos  
Muíño dos Salgueiros  
Negrales de Abaixo, As  
Negrales de Arriba, As  
Oliveira, A  
Padrón  
Palleiro, O  
Palleiro, O  
Paso do Marta, O  
Pasos, Os  
Patoucha, A  
Pazo, O  
Pedrancha  
Pedreira, A  
Peirao, O  
Pereiras, As

Pereiro, O  
Perricón, A  
Picota, A  
Picotas, As  
Piñeiros, Os  
Píos, Os  
Poexas, As  
Ponte da Negral  
Ponte da Salgueira  
Ponte da Sepal, A  
Ponte da Serra, A  
Ponte da Veiguiña  
Ponte de Rial, A  
Ponte do Rosario  
Porteliñas, As  
Portelo do Supazo  
Poza  
Poza da Coutadiña  
Poza das Besadas  
Poza dos Cardais  
Pumar, O  
Quintiña, A  
Quiringosta de Marín, A  
Rabo do Mulo, O  
Rampa do Pazo, A  
Redollos, Os  
Regato das Matutas  
Rego da Brea  
Regueiral, O  
Río Cadeláns  
Río Escornabois  
Río Liñares  
Río Louro  
Río Maceiras  
Río, O  
Rustrilleiras, As

Salgueirales, Os  
Salgueiras, As  
Salgueiros, Os  
San Mateus, Os  
Searas, As  
Searóns, Os  
Seixedos, Os  
Serra de Acá  
Serra de Alá  
Serras, As  
Serrañas, As  
Sobrosas, As  
Socalco do Medio, O  
Sorregos, Os  
Souto de Amaro, O  
Souto Novo, O  
Souto, O  
Subida ao Monte  
Terraplén, O  
Terraplén, O  
Toxales, Os  
Traída, A  
Transadíns, Os  
Trigueira, A  
Trugallos, Os  
Valongos, Os  
Valos, Os  
Veiga da Eira, A  
Veiga da Fonte, A  
Veiga da Porta, A  
Veiga de Arriba, A  
Veiga de Valentín, A  
Veiga do Balado, A  
Veiga do Monte  
Veiga dos Campos, A  
Veiga dos Puchos



Veiga Grande, A  
Veiga Grande, A  
Veigas Grandes, As  
Veigas Longas, As  
Vía do Tren  
Vilanova  
Xinelas, As





